



Imos a imaxinar que estamos a preparar unha presentación para o novo tema que imos a impartir a vindeira semana ós noso alumnado. Imos buscar elementos multimedia cuxa licencia che permita inserilas dentro da túa presentación (pretendemos deixar de lado o dereito de cita sobre os documentos que teñan CopyRight).

Imaxes

Utilizando a configuración adecuada nos buscadores, ou ben a través de bancos de imaxes, busca 5 imaxes de balde que poidas usar na túa presentación. Entrégaa dentro da tarefa “Entrega de imaxes”.

Vídeos

A través dos repositorios de vídeos que temos na aula ou os que ti poidas buscar a maiores, busca 2 vídeos curtos balde que poidas usar na túa presentación. Entrégaa dentro da tarefa “Entrega de vídeos”. No caso que non che deixe, entrega un documento coa ligazón ao vídeo compartido a través do sistema que ti elixas.

Audios

Seguindo coa idea dos anteriores, atopa 5 audios que puideras engadir dentro da presentación que estás a preparar. Súbeos á aula virtual.